

deBullando

O pasado 18 de marzo a UE asina un acordo con Turquía¹ para poñer fin á que se denominou “crise de refuxiados” e que culmina tamén un proceso máis amplo de negociación das institucións comunitarias con este país, que xa tiña producido un plan conxunto de actuación a finais de novembro e unha declaración a comezos de marzo, na que tanto a UE como Turquía se comprometían a poñer fin á migración irregular.

Segundo a información proporcionada pola Unión Europea, o acordo concrétase nos seguintes nove puntos:

- 1- Calquera migrante irregular que cruce desde Turquía ás illas gregas a partir de marzo de 2016 será devolto/a a Turquía.
- 2- Por cada sirio/a que sexa devolto/a a Turquía desde as illas gregas, outro/a sirio/a será recolocado/a na UE.
- 3- Turquía tomará todas as medidas necesarias para impedir a apertura de novas rutas marítimas ou terrestres para migración irregular desde este país á UE.
- 4- Cando se teñan detido ou reducido substancialmente os cruces irregu-

A CRISE DE REFUXIO EN EUROPA. CLAVES PARA A INTERPRETACIÓN DO ACORDO ENTRE A UE E TURQUÍA

lares entre Turquía e a UE, activarase un Programa de Admisión Humanitaria Voluntaria.

- 5- O cumprimento da folla de ruta para a liberalización de visados acelerarase con vistas a eliminar o requirimento de visado aos cidadáns/ás de Turquía como moi tarde a finais de xuño de 2016.
- 6- A UE acelerará o desembolso de 3 mil millóns de euros para a instalación das persoas refuxiadas en Turquía. Cando se consuman estes fondos, a UE mobilizará 3 mil millóns adicionais antes de finais de 2018.
- 7- A UE e Turquía continuarán o traballo de mellora da Unión Aduaneira.
- 8- Revitalizarase o proceso de incorporación de Turquía á UE.
- 9- A UE e Turquía traballarán conxuntamente para mellorar as condicións humanitarias en Siria.

De maneira resumida, podemos afirmar que a colaboración de Turquía na xestión desta crise se produce a cambio duns cuantiosos investimentos económicos, dunha flexibilización da política migratoria comunitaria con Turquía (que se plasma na exención de visado e tamén na mellora da Unión Aduaneira), así como dunha reconsi-

¹ O texto do acordo pode consultarse en inglés en: <http://www.consilium.europa.eu/en/press/press-releases/2016/03/18-eu-turkey-statement/>

deBullando

deración dos requisitos e calendario para a incorporación de Turquía á UE.

Este acordo supón, pois, que Turquía asuma o papel de gardián das portas da Europa Fortaleza, para o que é necesario selar as aparentemente demasiado porosas fronteiras gregas. De aí que no texto se contemplan tamén medidas e fondos adicionais para Grecia, que serán achegados tanto a través do fondo de emerxencia, como de FRONTEX –a axencia europea das fronteiras- e da OEAA –Oficina Europea de Apoio ao Asilo-. De maneira estimada, o investimento total de fondos comunitarios para Grecia en materia de asilo no ano 2016 ascende a 1 365,4 millóns de euros.

Desde que se activa o acordo a finais de marzo de 2016, Grecia comeza a realizar as primeiras devolucións a Turquía, así como a ir desmantelando progresivamente os seus campos de refuxiados/as; procesos que se realizan baixo unha gran lupa mediática e as denuncias, tanto das principais organizacións humanitarias² que traballan na zona, como das forzas políticas no ámbito europeo opostas a este acordo. As posturas contrarias critican non só a desresponsabilización inmoral das ins-

tucións comunitarias, senón tamén as posibles fallas de legalidade dos mecanismos contemplados no texto. En efecto, denuncian a máis que probable vulneración do principio de “*non refoulement*” (non devolución) recollido na Convención sobre o Estatuto das Persoas Refuxiadas³, que establece que ningún Estado pode devolver un/unha demandante de asilo ao seu país nin a un país terceiro onde a súa vida poida estar en perigo, e Turquía, ata a sinatura do acordo, non só non era considerado un país seguro, senón que ademais conta con múltiples denuncias de organizacións de defensa dos Dereitos Humanos⁴ pola vulneración dos dereitos de demandantes de asilo. Tamén se indica que as expulsións masivas a Turquía vulneran o dereito internacional en tanto que as avaliacións das demandas de asilo deben ser realizadas de maneira individual. Por último, tamén se incumpre o disposto no artigo 9 da Carta de Dereitos

3 A Convención sobre o Estatuto das Persoas Refuxiadas, asinada o 28 de xullo de 1951 polas Nacións Unidas, é a principal ferramenta xurídica de protección internacional e regulamento do dereito ao asilo.

4 Organizacións como o Syrian Observatory for Human Rights ou Amnistía Internacional teñen sacado á luz prácticas irrespectuosas co dereito de asilo, como a devolución masiva de persoas sirias ao seu país e as pésimas condicións dos campos de refuxiados/as en Turquía. A información recollida por Amnistía Internacional pode consultarse en inglés aquí: <https://www.amnesty.org/en/press-releases/2016/04/turkey-illegal-mass-returns-of-syrian-refugees-expose-fatal-flaws-in-eu-turkey-deal/>

2 Así, a Comisión Española de Ayuda al Refugiado (CEAR) promoveu un manifesto asinado por cerca de 300 organizacións e máis de 11 000 asinantes individuais, no que denuncia a sinatura deste acordo ante a Comisión Europea e remitiu un informe ao Comisario Europeo de Dereitos Humanos e unha Carta á Defensora do Pobo da UE. Pode consultarse en: <http://www.cear.es/cear-denuncia-junto-a-mas-300-organizaciones-el-acuerdo-ue-turquia/>

deBullando

Fundamentais da UE⁵, que establece a obrigatoriedade de rexistrar todas as solicitudes de protección internacional que se presenten.

Sen embargo, para entender a solución coa que Europa pretende quitar do medio a “crise de refuxiados”, cómpre contar cun marco de interpretación sociopolítico máis amplo que desterre, cando menos, tres mitos da excepcionalidade: o primeiro, relacionado coa magnitude desta crise; o segundo, co carácter aparentemente singular da actuación da UE a este respecto; e un último, relacionado coa ausencia de alternativas para enfrontar esta crise.

No que respecta ao primeiro, o esforzo por construír un relato que incide no carácter masivo desta crise serve antes a facer dixerible a idea de que Europa non ten capacidade de acollida ca a facerlle xustiza aos precedentes históricos máis inmediatos. Así, a desintegración da ex-Iugoslavia a comezos dos noventa implicou, de maneira estimada, o desprazamento de entre 3,7 e 4 millóns de persoas, das que boa parte delas remataron como refuxiadas nos países de máis tradición acolledora da UE (por esta orde, Alemaña, Suecia e Austria).

En relación coa aparente excepcionalidade e singularidade desta iniciativa, o certo é que, á vista da evolución nas dúas últimas décadas das políticas

de control migratorio no ámbito europeo, pode comprenderse como esta medida forma parte dun proceso máis amplo e dilatado de externalización das políticas migratorias, isto é, de desprazar o control migratorio alén do espazo físico das fronteiras e alén, tamén, do control do Estado. Este proceso opera mediante mecanismos como a transferencia da responsabilidade no control aos países de tránsito, a privatización da vixilancia fronteiriza, a creación de Estados “tapón” que conteñan a emigración cara aos países europeos e o impulso á emerxencia do que se dá en chamar “negocio da xenofobia”⁶, polo que se favorecen grandes empresas do sector da seguridade, que acaban por converterse en potentes *lobbistas* sentadas nos órganos onde se toman as decisións comunitarias en materia de migracións.

O papel que teñen xogado os países do Sur de Europa, especialmente España, Italia e Grecia, que comparten fronteiras marítimas (e terrestres, no caso español) con países de orixe ou tránsito migratorio, ten sido fundamental para esta estratexia externalizadora. Podemos dicir, pois, que España ten sido un laboratorio político de primeira orde para o control remoto das migracións. Ademais do desenvolvemento do Sistema Integrado e Vixilancia Exterior (SIVE) para o control mediante tecnoloxía puntei-

5 O texto completo da carta pode consultar-se en: http://www.europarl.europa.eu/charter/pdf/text_es.pdf

6 Este termo foi achegado por Claire Rodier no seu libro *El negocio de la xenofobia*. Madrid, Clave Intelectual.

deBullando

ra do Estreito e nas illas Canarias, destaca o traballo diplomático en política exterior con países de orixe e tránsito da migración cara a España, especialmente a colaboración con Marrocos. Durante o primeiro mandato do goberno Zapatero reactivábase un acordo de readmisión con Marrocos, que fora asinado a comezos dos anos noventa e que permite devolver a este país cidadáns/ás de países terceiros que teñan atravesado de maneira irregular a fronteira hispano-marroquí e que, na práctica, supón trasladar ao país veciño a xestión da parte máis descarnada do control fronteirizo (lembramos o abandono no deserto de centos de migrantes subsaharianos/as a finais de 2005). A resultas do seu novo rol como Estado "tapón", Marrocos endurece a súa política de visados e promulga en 2003 a súa primeira lei de estranxeiría. Desta experiencia, pero tamén da italiana con Libia, bebe e inspírase o presente acordo da UE con Turquía.

Por último, a pretensión de trasladar a imaxe da ausencia de alternativas

desde o marco comunitario para a xestión desta crise xoga un papel amortecedor das consciencias críticas que se teñen manifestado en prol dunha resposta solidaria. Existen dúas medidas que, de seren activadas, evitarían o sufrimento innecesario de arriscar a vida para chegar a Europa e tamén para canalizar adecuadamente a acollida e garantir a protección do dereito a asilo. A primeira consiste en abrir a posibilidade de demandar asilo nas embaixadas e consulados que os estados europeos teñen nos países de orixe, tránsito e limítrofes. A segunda é a activación da Directiva 2001/55/CE do Consello de Europa⁷ relativa ás normas mínimas para a concesión de protección temporal en casos de afluencia masiva de persoas desprazadas e a medidas de fomento dun esforzo equitativo entre os Estados Membros para acoller as ditas persoas e asumir as consecuencias da súa acollida.

⁷ O texto da directiva está dispoñible en castelán en: <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2001:212:0012:0023:ES:PDF>

Antía Pérez Caramés

Profesora de Socioloxía na Universidade da Coruña